

Mércores, 1 de setembro de 2021

Núm. 168

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**GUARDA, A**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL  
REGULADORA DO IMPOSTO ACTIVIDADES ECONÓMICAS*

*ANUNCIO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DA APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA  
ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.*

Por acordo do Pleno do concello de A Guarda, en sesión ordinaria de data 30.07.2021, procedeuse á aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal municipal reguladora do imposto de actividades económicas.

De conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese dito acordo a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no BOPPO para que poida ser examinada polos interesados a fin de presentar as reclamacións que se estimen oportunas durante dito prazo de exposición.

Durante este prazo poderá ser examinado por calquera interesado no taboleiro de anuncios municipal. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://aguarda.sedelectronica.gal>].

Finalizado o período de exposición pública sen que se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado este acordo provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, tal e como sinala o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente

